

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

ANO 5 | Edición nº 51 | Marzo de 2019 | Prezo 2 euros

38 novas
hortas urbanas
en Santa
Marta,
Compostela



Páxina 4

Unidade
pública de
Alzhéimer
para
Mondoñedo



Páxina 11

Monforte
contará cunha
estación
meteorolóxica



Páxina 12

O PSdeG acusa
a Baltar de
incumprir o
pacto anti
transfuguismo



Páxina 16

Luís Pedro
Martins
presidente de
Turismo Porto
e Norte de
Portugal



Páxina 19



Feira do Viño de Chantada

Entrevista



Miguel Mosqueira e Mark Wiersma

“Todos temos présa en
aprender a falar, pero
escoitando
é cando máis se aprende”

Páxina 7

Gracias

50
Pompas Fúnebres
del Condado
desde 1964



Touriñán anima aos medios en galego e á sociedade “a sacar peito” coa nosa lingua nunha gala na que reclamaron unha lei de publicidade institucional

O seu humor e a música de Ugía Pedreira foron o fío condutor dun evento que deixou claro que o idioma galego é tan válido como outro para informar e que a situación é “preocupante pero non irreversible”, polo que solicitan máis apoio das administracións

Que a situación do galego non é perfecta é ben sabido polos asistentes á II Gala dos Medios en Galego celebrada esta mañán en Pontevedra. Sen embargo, o espírito do evento resumíuno o humorista Xosé Antonio Touriñán, que animou aos medios alí reunidos e á sociedade “a sacar peito” da nosa lingua. A mensaxe final da gala estivo cargada de optimismo dos xornalistas que non entenden outra forma de informar aos galegos que non sexa na súa propia lingua. E se ben fixeron balance dos logros conseguidos nos últimos tempos, e que se traducirán por exemplo en que en breve haberá en papel un xornal en galego, lembraron as contas pendentes. Entre estas están un maior respaldo das administracións e a reclamación dunha lei de publicidade institucional. E é que queixáanse de estar en clara desvantaxe cos grandes da comunicación en Galicia, o que consideran que é unha “discriminación”.

A súa reclamación chegou ben alta e clara a responsables

das administracións, porque alí estaban presentes Xosé Leal, responsable de Cultura na Deputación de Pontevedra, o concelleiro de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, Alberto Oubiña e Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Precisamente este último envioulles unha mensaxe clara de apoio aos medios en galego, para os que dixo que a Consellería de Cultura terá sempre as portas abertas. García recoñeceu que estes medios, na Asociación de Medios en Galego son máis de sesenta, non son os máis fortes pero tamén sinalou que cada vez son máis e cre que se están consolidando, especialmente na rede.

Foron nove persoas as que interviron nesta gala para facer unha radiografía da situación do galego nos diferentes eidos e especialmente nos medios. O debuxante Kiko Da Silva escenificou a “incerteza” na que se atopa a banda deseñada galega e reclamou apoio económico para este tipo de iniciativas. Luís Álvarez Pousa, de Tempos No-



vos, indicou que é necesaria unha maior profesionalización dos medios e avanzar na calidade da información e opinión, pero reclamou o esforzo que os medios en galego fan porque, dixo, ofrecen información “con independencia e calidade”. Concluiu que a sociedade “ten que tomar conciencia duns medios sen novas falsas e que non están condicionados”. Pousa indicou tamén que é preciso “dar a voz de alarma ás administra-

cións para que deixen de discriminar no reparto da publicidade”.

Anxos Sobriño, en representación de Cotenol, os técnicos de Normalización Lingüística, Xaime Iglesias, da asociación Cedofeita, e Eva Mejuto, organizadora do Salón do Libro, completaron o evento, xunto con Ubaldo Cerqueiro, vicepresidente da Asociación de Medios en Galego.

Todo isto e moito máis en defensa do galego como unha

lingua preparada para informar en calquera eido nunha gala que contou coa voz e música de Ugía Pedreira e co humor de Touriñán, que, como indicou, segue vivo a pesares das “moitas homenaxes” que recibiu na última semana por despedirse do Land Rober.

En definitiva, o espírito da gala resúmese en que aínda queda moito por facer e por demostrar ao mundo sempre en galego. Iso sí, ganas non faltan.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.

MADRID: Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.



Por: Guillermo Rodríguez

Director

Baleirando o meu piorno

Levamos un ano 2019 contando tamen co anterior, que todos os días nos deixa de pedra; as noticias son de todo tipo. Imos referirnos a unha cantas que nos pareceron “máis curiosas”, por chamarlle dalgún xeito.

O nº 3 do Vaticano, cardenal George Pell, foi condenado por violar a un neno de 13 anos e abusar doutro. Era conselleiro directo do papa Francisco e Superministro de Finanzas.

Diante de noticias coma esta que podemos pensar da Igrexa Santa Apostólica e Romana? Con que cara poden os representantes de Cristo, menudos representantes!! Aconsellar aos freigueses que deben ser puros e castos porque así o esixe a conducto moral da Igrexa de Deus?

Celia Villalobos, unha antiguala política dos tempos de Matusalén, declárase indignada polas declaracións do seu Xefe Casado sobre o aborto e o divorcio. Ela que foi ministra de Sanidade no seu día di que se lle abren as carnes cando escoita as declaracións dos representantes de VOX. Fará campaña en contra destes energúmenos e do seu partido? Veremos en que queda a cousa.

Estamos rodeados de sinais eléctricas. En 2018 había un total de 5.100 cidadáns que posuían un teléfono mobil; un terzo da poboación mundial. Pero anunciannos que nos vindeiros sete anos outros 700 millóns van dispor de teléfonos móbiles intelixentes (smartphones). O número de tarxetas xa está nos 7.900 millóns.

O curiosos destas cifras é que os cidadáns están cada vez máis sós. Poden comunicar coa NASA pero non falan co veciño do 5º. Como lle chamarán a

estes avances científicos?

O Goberno di estar disposto a sacar a Concurso antes de que remate efectivamente a lexislatura un mogollón de postos de traballo. Ten que aprobar decretos lei e logo levalos ao parlamento ou a ese míni parlamento que se constitúe ata que se forme un novo goberno, que ten os mesmos poderes que o actual Parlamento.

Cidadáns e PP botan as máns a cabeza porque din que iso é facer trampa; o goberno nos levou eses acordos ao actual Parlamento e agora quere sacalos adiante de presa e correndo. Claro que poden votarlle en contra e acabouse o asunto, pero temen que votando en contra de medidas sociais (becas para alumnado, axuda para garderías, etc.) os votantes se cabreen e lles pasen factura. Veremos en que queda a cousa.

Espanoles, Franco resucitou; arriba España!! Lémbrense da cara do presidente do goberno, Arias Navarro, cando morreu Franco e saíu na televisión para anunciar a “boa nova?”. Pois agora alguén están emulando. Franco está presente nas tertulias, nas discusións políticas, nas campañas electorais. Habrá resucitado?

O Goberno de Pedro Sánchez pretendía exhumar os restos do Dictador da Basílica do Valle de los Caídos pero as cousas estánsele torcendo. De pronto un abogado franquista presenta dúcias de recursos contra a autorización do concello para que se poida exhumar. Alegan que hai perigo de derrubamento no intento de sacar a momia da sepultura onde está enterrado. Todo para torpedear a acciún do Goberno e atrasar e dificultar a exhumación.

O goberno di que antes de rematar, definitivamente, a lexislatura vaino conseguir. Nós temos as nosas dúbidas. Se os franquistas se erguen “en armas legais” contra o intento do Goberno vaino ter difícil.

O máis curioso é que os partidos chamados constitucionalistas (deberan chamarse franquistas reconvertidos) PP e Cidadáns non se preocuparon de dotar a Lei de Memoria Histórica un só céntimo de euro para que se poidan limpar as gabias de todo o Estado Español onde seguen sepultados miles e miles de españois/las que cometeron o enorme erro de ser honrados/as so-



cialistas ou comunistas; nalgún casos nin sequera iso, con que o cacique franquista da vila o tivera debaixo do ollo era suficiente para “ser paseado”. Franco, coma o Cid Campeador, segue cabalgando polsd vidas dos españois despois de morto.


Hoxe declararon no procés Rajoy e Montoro. As declaracións de cada quen tiveron unha linea argumental, por dicir algo, totalmente diferente; eu diría oposta.

No caso de Rajoy insistiu unha e outra vez que el fixera o que calquera presidente dun goberno dun país civi-

lizado coma este debe facer: non permitir que ninguén rompa o país. Así llo fixo saber a cantos cataláns tentaron negociar con el, aínda que tivo importantes lagoas mentais para acordarse de feitos importantes que a defensa dos cataláns tentou levar ao seu rego. Unha comparecencia moi floxiña; impropia dun exPresidente do Goberno. Cando lle preguntaron pola violencia da policía, se tiña aberto algún expediente por ese comportamento non soubo por onde saír. Desviou os tiros aos seus subalternos. Resultado, deu por feito que a violencia foi a da policía sobre os cidadáns que pretendían votar. Engadiu que se houbo violencia os culpabeis foron os que a provocaron. Veremos en que queda a cousa.

No caso de Montoro o panorama cambiou sustancialmente, de tal maneira que nalgúns momentos se podía pensar se aquel home era proposto pola defensa e non pola acusación. Así resultou. Eu creo que a obsesión de Montoro tentando demostrar que os dispositivos postos en marcha polo seu departamento exerceron un control férreo sobre os órganos da Generalitat para que non puideran dispoñer dos cartos que lle chegaban dende Madrid non podían gastalos alegremente. O advogado, obviamente, insistía precisamente nese control, deste xeito quería chegar a que Montoro confesase, como así fixo, que aos cataláns eralles moi difícil gastar un euro sen que Madrid se decatara. Isto, levado ás últimas consecuencias, dinos que lles vai resultar difícil acusalos de malversación de fondo públicos porque, segundo Montoro el tiña o control dos recursos públicos.

FUCO PRADO



Galicia

SANTIAGO

Compostela suma 38 hortas urbanas a disposición da veciñanza en Santa Marta

Compostela suma xa 240 hortas urbanas a disposición da veciñanza, tras o acondicionamento de 38 novas parcelas no barrio de Santa Marta.

O acondicionamento de hortas urbanas en Santa Marta foi unha das propostas seleccionadas no proceso dos Orzamentos Participativos Compostela Decide de 2018. As 38 hortas, cunha superficie aproximada de 60 metros cadrados cada unha, ocupan algo máis de 6.700 metros cadrados sobre dúas parcelas de titularidade municipal.

Para o acondicionamento das hortas foi preciso rozar os terreos, instalar un sistema de rego, pavimentar e dotar de zahorra as zonas que dividen cada parcela. Ademais, colocouse mobiliario e casetas de almacenaxe, e axardinouse a contorna das hortas.

Coas de Santa Marta son xa 240 as hortas urbanas a disposición da veciñanza, das que 145 foron acondicionadas nos últimos tres anos. Foron, en concreto, as 32 parcelas



Visitando o novo espazo de hortas

da Almáciga, as 21 da Carmoniña e as 54 de Brañas do Sar. As primeiras hortas urbanas de Compostela foron as creadas no ano 2008 en Belvís de Arriba, con 30 parcelas, ás que lle seguiron en 2010 as 26 hortas de Belvís de Abaixo. Posteriormente acondicionáronse as 29 hortas de Fontiñas.

Á lista de hortas urbanas sumaranse en breve as de Campo das Hortas, onde haberá 53 parcelas que ocuparán 4.100 metros cadrados de superficie, neste caso en terreos cedidos pola veciñanza.

Ao longo das próximas semanas abrírase o prazo de inscrición para poder utilizar as hortas. Tal e como se establece no regulamento, terán preferencia na adxudicación as persoas xubiladas ou prexubiladas do barrio. Se hai máis espazos que demanda, poderán ser adxudicatarias, por esta orde, as persoas veciñas do barrio e da contorna, e as persoas veciñas de calquera outro barrio de Santiago. A concesión faise por un prazo de dous anos, que pode ser prorrogado ata un máximo de catro anos.

O viario Clara Campoamor terá tres carrís

O viario Clara Campoamor terá finalmente tres carrís, un en cada sentido de circulación e un central que terá un dobre uso: carril de incorporación e saída dos autobuses no ámbito da futura estación, e carril adicional de circulación nos accesos ás rotondas do Restollal e de Sar. A regulación dos accesos e saídas á estación farase mediante semáforos, como recomendan os informes técnicos, e o viario terá carril bici nas dúas marxes.

O obxectivo do Goberno é iniciar a licitación no prazo dun mes, para que as obras poidan comezar no próximo verán. Deste xeito cumpríranse os prazos previstos, porque a plataforma de acceso á estación de autobuses non estará rematada ata agosto de 2020. As obras dos accesos terán un prazo de execución de 5 meses e o investimento previsto é de 1,6 millóns de euros, financiado con fondos europeos vinculados ao programa Re-Vive-Edusi Santiago.

Encontro de emprendedoras "Mulleres mudando a balanza"

Mulleres mudando a balanza", encontro con empresarias e emprendedoras profesionais galegas, contará coa presenza da activista e experta en xénero Aurélie Salvaire. Será o vindeiro mércores 6 de marzo, a partir das 19:00 horas, no Auditorio Abanca. A entrada é de balde ata

completar aforo.

Trátase de visibilizar e poñer o foco en mulleres emprendedoras que se fixeron un oco en mundos masculinizados, de aí que participen a chef con Estrela Michelin Lucía Freitas, a deseñadora de moda Elena Ferro e a enxeñeira e doutora en informática Luz Castro.

Desfiles de disfraces e Xenerais da Ulla para celebrar o Entroido

Como é tradición, o Meco será quen abra o Entroido de Santiago, o sábado 2 de marzo, co seu desfile dende a praza de Cervantes ata a praza do Toural acompañado polas comparsas Os Conformistas de Conxo e A Ruliña de Laraño. A figura subirá ao balcón do Pazo de Bendaña para vixiar desde alí o desenvolvemento das festas, que arrancarán co pregón a cargo de Manuel Jabois. Despois do discurso do xornalista, haberá un espectáculo de patinaxe sobre zancos a cargo do grupo colombiano Tchyminigagua, que percorrerá a rúa Nova, a

praza de Praterías, a rúa do Vilar e a praza do Toural.

O domingo 3 de marzo haberá animación de rúa e tamén está programado, no Teatro Principal, un concerto da Banda Municipal de Música de Santiago en colaboración coa asociación Amigos da Ópera de Santiago. O recital dirixido por Casiano Moureño estará protagonizado por Lucía Tavera, soprano cordobesa gañadora do I Certame Compostela Lirica.

A cita central da xornada será o Festival Infantil de Disfraces que se celebrará na Sala Capitol para nenos menores de 14 anos. A festa estará animada

por A Run Run, co seu espectáculo Déixalle ao Dillei, e haberá baile, sorteo de agasallos e concurso de disfraces en tres categorías: individual, parella ou grupo.

O luns 4 de marzo, no Pazo de Bendaña haberá obradoiros de máscaras surrealistas entre as 12:00 e as 14:00 horas e pola tarde, de 18:00 a 20:00 horas, Pesdelán dirixirá un obradoiro de danzas de Entroido, tamén no Pazo de Bendaña. Para esta actividade é preciso inscribirse previamente no correo electrónico teatroprincipal@santiagodecompostela.gal. Pola tarde tamén haberá pasa-

rrúas coa charanga Estradens Band, dende a praza Roxa ata a rúa de San Pedro.

O día grande, o martes 5, arrincará co obradoiro de xenerais da Ulla que se celebrará no Pazo de Bendaña de 12:00 a 14:00 horas.

Xa pola tarde, terá lugar o agardado desfile de Entroido, que partirá da avenida de Ferrol ás 17:30 horas e rematará na Sala Capitol, onde ás 20:00 horas terá lugar a presentación do espectáculo Antroidanzas, con Pesdelán, e a entrega dos premios do desfile con case 14.000 euros entre seis categorías: carrozas, comparsas,

grupos, mellor parella, mellor disfraz individual e mellor comparsa de parroquias ou barrios do Concello de Santiago.

O mércores 6, a Queima do Meco na praza Roxa, despois do seu desfile dende a praza do Toural acompañado de A Ruliña de Laraño e da charanga Estradens Band.

A programación do Entroido complétase coas actividades na Rede de Centros Cívicos, e co Entroido tradicional dos Xenerais da Ulla. Os atranques xa se celebraron no Castiñeiriño, Marrozos e Angrois, e escoitaranse aínda o 2 de marzo en Aríns e o 3 de marzo no Eixo.



8M



CONCELLO DE
SANTIAGO



MIÑO MIÑO TERRAS
COMPOSTELA
TERRAS DO MIÑO

2019

PARA RAMOS SÓ PARA COLLER IMPULSO

tm.santiagodecompostela.gal

Galicia

A CORUÑA

O plan integral contra as pintadas no espazo público avanza con obradoiros nos institutos da cidade

A Concellería de Medio Ambiente avanza na posta en marcha das diferentes medidas previstas no plan integral para actuar contra as pintadas vandálicas na cidade, que están a ser abordadas non só dende a limpeza senón outros ámbitos como o educativo, a prevención, as medidas didácticas e o desenvolvemento normativo. O mércores 27 de febreiro comezaron unha serie de obradoiros nos institutos sobre arte urbana, denominados Coida da túa cidade e dirixidos á mocidade entre os 13 e os 16 anos. Os institutos de Monelos e Zapateira serán os primeiros en acoller este curso, que poden solicitar os centros a través do correo medioambiente@coruna.es.

A execución do plan integral contra as pintadas vandálicas continúa tamén noutros ámbitos, como o de identificación das persoas autoras das pintadas vandálicas que desenvolve

o Goberno local coa colaboración da Patrulla verde da Policía Local e especialistas en grafoloxía. Estas pesquisas permitiron localizar e citar xa a seis persoas autoras de máis de 3.000 pintadas vandálicas ás que se lle propuxo "participar en medidas correctoras para reverter o dano causado". Mediante este acordo, algunhas delas realizarán traballos en beneficio da comunidade para a limpeza de pintadas. No marco deste proceso, a Concellería de Medio Ambiente continúa coas investigacións. "Estamos satisfeitas ata o momento con esta medida, xa que non só nos permitiu neutralizar ás principais persoas causantes destes danos no espazo público, senón que restauramos o dano e desincentivamos a outras persoas, sobre todo menores, a que sigan ese camiño".

Dentro deste paquete de medidas sitúase tamén a iniciativa Ruarte, que actúa para recuperar sete zonas degradadas

da cidade a través de murais realizados por ilustradores e ilustradoras. O seguinte en ser pintado será o que cubrirá as instalacións do parque de Eirís, nas que se fará un realzamento do espazo a través da pintura e unha plasmación de especies autóctonas para buscar a integración co medio. "Estamos a actuar de maneira activa e coordinada contra as pintadas vandálicas dende diversas fronteiras, tamén na da limpeza. A retirada das pintadas na zona Pepri comezará de maneira inminente, en canto conclúa a fase de revisión da documentación presentada polas persoas propietarias e a subsanación de erros da documentación presentada, e o plan de limpeza en edificios públicos está practicamente rematado, a falta dos que están en mans de concesionarias ou os que precisan un permiso de Patrimonio para realizar a intervención, como pode ser o caso do edificio dos sindicatos", indica.

A Coruña plantará 4000 árbores máis ata 2022

A concelleira de Medio Ambiente, María García, presentou a nova fase de expansión de arborado na cidade, a través do que o Concello se marca o obxectivo de incrementar ata o 25% o número de exemplares do municipio antes de 2022, con 4.000 máis. Antes de iniciar esta etapa no 2019, o departamento municipal aborda nos vindeiros meses as últimas plantacións de árbores que veñen a completar a primeira das metas que se marcou o executivo local a inicios de mandato: a de aumentar nun 10% o arborado preexistente na cidade, estimado en 15.000 exemplares, e que, como lembrou a edil, non abundan para cumprir coa ratio que recomenda a OMS de tres árbores por habitante. "A Coruña parte cun déficit de arborado moi importante, e non é un espazo fácil para plantar porque é unha cidade densa.

Pero precisamente por iso, as árbores son máis necesarias", explicou a edil. Así, a Concellería de Medio Ambiente abordar nestes meses



A concelleira de Medio Ambiente, María García, en rolda de prensa

as últimas plantacións para acadar o obxectivo do 10% de incremento. "Este logro é moi importante porque a expansión do arborado é unha das primeiras medidas na mitigación e na adaptación das cidades ao cambio climático. E non é o único beneficio que as árbores traen á cidade, xa que son un elemento fundamental na mellora da biodiversidade e contribúen a manter a calidade do aire e a acústica, xa que filtran partículas contaminantes ao tempo que fan de barreira para o ruído", contextualizou a edil.

O alcalde reivindica que a conexión ferroviaria a Punta Langosteira no plan do Corredor Atlántico quede garantida

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, reivindicou a necesidade de que a conexión ferroviaria con Punta Langosteira figure garantida expresamente tanto no Plan Director do Corredor Atlántico, presentado de forma pública esta semana, como no plan de investimentos de Puertos del Estado. "O porto exterior é clave para A Coruña e para a súa área metropolitana que son, ao cabo, o pulmón económico de Galicia. Un

pulmón, por certo, que ademais de producir riqueza e emprego, debería tamén ser escoitado á hora de planificar este tipo de infraestruturas, que tamén son necesarias para a mellora do corredor cantábrico entre A Coruña, Ferrol, Xixón, Euskadi e Francia", dixo.

O rexedor manifestou que os anuncios realizados esta semana polo ministro de Fomento a respecto do Corredor Atlántico "aínda presentan dis-

tintas dúbidas que será necesario que se resolvan". "Efectivamente, é positivo no que atinxe ao recoñecemento da importancia do eixo A Coruña-Vigo, pero dende logo, é mellorable en moitos aspectos. Ademais da conexión ferroviaria a Punta Langosteira, destaca tamén o feito de que a liña Vigo-Porto non estea incluída na rede básica, tal e como propuxo o Parlamento europeo, tendo en conta que se trata dunha conexión moi necesaria

para que Galicia gañe peso e competitividade no contexto da futura macrorrexión urbana atlántica", apuntou o primeiro edil en rolda de prensa.

Ferreiro reiterou que, "a día de hoxe, non existe nin previsión nin dotación orzamentaria para o tren a Langosteira; non sabemos cal é a previsión do goberno do Estado ao respecto e se xa ten algo avanzado con ADIF e tamén descoñecemos se o executivo estatal ten previsto solicitar financiamento á UE". "Até que non se des- pexen estas incógnitas, non

podemos cualificar como positivo o Plan Director do Corredor Atlántico", indicou. "Galicia e A Coruña non poden volver perder. O Corredor Atlántico é un asunto esencial para a conectividade e para o desenvolvemento das cidades. Non ten sentido construír un porto exterior que non estea comunicado por ferrocarril, como tampouco ten sentido deixar sen infraestruturas un eixe portuario como o noso, con dous portos de interese xeral na Coruña e Ferrol a moi pouca distancia", evidenciou.

Por Moncho Mariño

Miguel Mosqueira e Mark Wiersma

“Todos temos présa en aprender a falar, pero escoitando é cando máis se aprende”

Mark Wiersma e Miguel Mosqueira son dous músicos que tiveron a idea de lanzar o proxecto Sira e o Robot. Un audio libro e libro ilustrado onde inglés e galego se conxugan para que os nenos e nenas teñan unha ferramenta para aprenderen dos dous idiomas. Co seu terceiro volume xa editado Sira e o Robot. Trial by Fire, a aventura promete momentos moi especiais para os máis pequenos e para os máis grandes tamén. Falamos con eles sobre este novo libro.

-O primeiro que vos quero preguntar é, como clasificades Sira e O Robot?

Depende con que interlocutamos, pero unha estas tres definicións poden servir. Un proxecto artístico que procura fusionar música, linguaxe, audioteatro, ilustración con humor e narrativa, a intertextualidade e a ironía, creando así un mundo no que unha nena de 10 anos ten aventuras co seu robot persoal, William. Tamén unha forma bonita de contribuír a aumentar a intelixencia verbal e emocional dunha xeración de nenos, empregando a música, poesía e teatro xunto coa tecnoloxía e a ciencia. E por último, un método de aprendizaxe de idiomas moi innovador baseado en metodoloxías como Assimil, Linguaphone ou Berlitz. Pero máis eficaz e mneumotécnico.

-Como e por que nace a idea de Sira e o Robot? Había un elemento especial que vos animase a crear este conxunto de libros?

Escribimos a varias editoriais unha especie de manifesto artístico. Eran como vinte páxinas ou así, xunto cuns audios caseiros. Manuel Bragado, de Xerais, foi o único en responder. Grazas a ese interese inicial conseguimos traballar algunhas ideas e publicar con eles ao final. Diríamos que o elemento especial de todo proxecto artístico bo é unha amizade. A partir diso o resto vai indo.

-Quen formabades o primeiro grupo de persoas que estaban detrás desta idea?

Miguel e Mark e logo lle pedímos a Iván Sendé que ilustrase o libro. El xa traballara con

Xerais antes. Houbo outras persoas boísimas por suposto, pero o “núcleo duro” como diría Iván é ese. Agora comezamos a traballar con outra persoa importante na industria cultural, pero ela prefere manterse máis no anonimato.

-A intención é facer ver que galego e inglés poden aprender un do outro e que se pode falar perfectamente nas dúas linguas. Como podes convencer a unha persoa que é posible?

Máis que falar perfectamente diríamos entender perfectamente. Todos temos moita présa cando queremos aprender de falar, cando é escoitando, e en moitos contextos, onde máis se aprende. Pero si, é un dos beneficios que acontecen ás persoas que escoitan os discos e tentan aprender as cancións. A idea é crear algo que incite a moitas escoitas. A arte non é facer un listening, que é unha táctica idiota de Cambridge ou Oxford ou que sexa para traumatizar os alumnos. A arte é para escoitar moitas veces, de saborear. Gustaríanos considerar que a nosa arte é para acompañar a unha época dentro da vida dunha persoa, non para consumir unha vez para logo descartar en busca da consumición seguinte. Non é para listening é para sharing, ou canda menos shadowing, método infinitamente máis eficaz para aprender a falar ou ter un acento. “Listening” non debería ser difícil. Se o é, córrese o risco de crear affective filters no alumno. Sira e o robot reduce estes chamados filtros afectivos coa creación dun mundo diver-

tido e de moita riqueza semiótica, un mundo de imaxinación e do insólito.

-Nun primeiro momento foron aparecendo voces de moitas persoas, diferentes acentos para as dúas linguas, como conseguistes atraer a tanta xente para participar neste proxecto e cantas persoas de diferentes linguas estiveron participando?

As persoas que participaron nos primeiros libros, sobre todo o primeiro, que ía un pouco sobre o plurilingüismo, o fixeron con moita ilusión. Mesmo tivemos algunhas solicitudes para participar (risas). Estructuramos o argumento ao redor dalgúns deses actores. Nalgún momento queríamos usar o suahili, pero como non coñecíamos ningunha persoa que o falase optamos por outro idioma. Agora reducimos un pouco o elenco por razóns loxísticas, e tentamos pagar algo ás persoas que teñan máis compromiso.

-Houbo algunha clase de dirección artística para este traballo?

En Sira e o robot III: Trial by Fire botamos man do director Roi Vidal que nos levou a un novo nivel.

-Quen foi perfilando, ideando e dándolle forma aos personaxes? En que tipos de persoas pensabades cando os creabades?

Todos. A creación dun mundo ficcional pode ser un proceso interactivo, e como un xogo tamén, que se enriquece das posibilidades que ofrecen a música, o teatro radiofónico e a ilustración. Reaccionamos ás necesidades das ideas que van



xurdindo. Neste libro novo hai un xogo interesante cun palíndromo, por exemplo.

-Un palíndromo?

That's right! Outro exemplo dos Easter Eggs que nos gusta tanto despositar nos libros para os lectores que teñen curiosidade.

-O mundo de Sira e o robot está ambientado nun futuro onde hai viaxes intergalácticas, naves espaciais etc, queríades transmitir algo especial creando ese mundo futurista?

Os seres humanos non pensamos ben a longo prazo. Está bastante investigado. Non entanto, hai asuntos no porvir que son dunha importancia sobrecolledora, como a chegada da Intelixencia Artificial, o que se coñece como the Singularity. Non hai debate xa sobre se pode existir nun futuro ou non. A cuestión é cando acontecerá. Pero con calma, ho! Escribir desde o futuro ofrécenos moitas posibilidades, crear heterotopias, hipotetizar, inventar, achegarnos a debates éticos importantes, pero sempre dende o cariño e o humor, a aventura e o xogo libre.

Quen compuxo e arranxou as cancións? Quen fai que cou-

sas?

As cancións e os textos son produtos dun esforzo colectivo de varias persoas, con todas esas características, semente, crecemento, modificación, adaptación e produto final. Igual que Lennon/McCartney, pois Wiersma/Mosqueira

-Xa ides pola terceira entrega de Sira, que se está preparando aínda, haberá sorpresas para esta nova entrega?

Hai moitas sorpresas e creación de mundo. A ver se conseguimos sacar unha edición Remastered para o público xeral, que en principio a totalidade desta edición, que sae en xaneiro como parte da iniciativa Galicia crea ambiente, vai para mil colexios de Galicia. Mentres tanto xa imos avanzando varias entregas. Imos só por unha terceira parte da serie, así que quedan moitas aventuras aínda por desvelarvos. En Trial by Fire, desenvolvemos a personaxe de Winston por exemplo, que aparece en Adventures on Titan e hai outros cameos interesantes tamén.

Pódese estar ao tanto visitando a páxina web de Sira e o robot, ou mediante as novas tecnolóxicas e disparates distópicos en Twitter @SiraEORobot

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

A España do NODO

A demostración deste domingo en Madrid, organizada polo tripartito da Santa Alianza das dereitas, xuntou ben menos xente da prevista polos seus organizadores, moita menos ca a acadada polo PP contra a lei do aborto ou o matrimonio homosexual no 2004-2006. A Delegación do Goberno falou de 45.000. Moita xente, mais moita menos da precisa para deslexitimar un Goberno ou unha política.

Moitas máis persoas, en comparanza (Galicia achega só un 5% da poboación estatal) xuntaron as organizacións en

defensa da sanidade pública galega na demostración que á mesma hora decorreu as rúas compostelás co apoio das forzas parlamentarias da oposición galega: En Marea, PsdeG e BNG. O presidente Feijoo amosou o seu absoluto desnortamento modificando a súa axenda para ir quitar a Madrid unha foto cos da Falanxe e Vox no canto de enfrontar á emenda á totalidade que a Galicia do progreso e da cohesión social lle estaba a facer entre a Alameda e a Quintana da capital do noso país.

O que vimos en Madrid foi a España reaccionaria, a que quere voltar á idea

dunha nación única, dun único matrimonio heterosexual, das mulleres sometidas e dos homosexuais perseguidos. Axenda á que se lle incorpora á persecución dos migrantes e da cidadanía que cuestione esa España da nación, lingua e cultura únicas, a España do “a por ellos”. Unha España que reaxiu co discurso parcial e desaquelado do Xefe do Estado do 3-Ou de 2017.

Porén, faría mal a Galicia plural da alternativa en desprezar os efectos da demostración madrileña por mor do seu limitado apoio popular. Porque ésta é unha enxurrada con moitos apoios mediáticos e de sectores ben abastados economicamente, que fai parte dunha ondata reaccionaria xurdida en Hungría, Polonia, USA e, agora, Brasil e Italia e

que tenta que ollemos máis ao dedo da inmigración, do soberanismo ou dos diferentes ca á lúa das desigualdades sociais e dos recortes.

Pedro Sánchez amosou estes días que a esquerda española sempre lle merca o relato territorial da España unha, grande e libre á dereita. Mais agora, poucos días antes do debate de totalidade dos Orzamentos estatais, xa sabe da limitada forza da dereita extrema tripartita e do reactivamento que esta enxurrada reaccionaria da España do NODO xerou nas nacionalidades e territorios periféricos e está a xerar nalgúns sectores da esquerda española.



Democracia fronte a supremacismo

Vai facer agora dez anos dunha manifestación na Quintana compostelá deseñada dende o nacionalismo español contra da nosa lingua, cultura e identidade. Unha manifestación baseada na mentira de que o Goberno galego de coalición BNG-PSOE quería impór o galego, cando simplemente determinaba un mínimo do 50% de uso da nosa lingua a medio dun Decreto que de primeiras aprobou o PPdeG. Un PPdeG que despois refugou del para sumar moi poucos milleiros de votos que, porén, foron esenciais para acadaren os defi-

nitivos deputados nas circunscricións d'A Coruña e Pontevedra nas eleccións nacionais do 01.03.2009.

Rechamante foi a participación nesa manifestación da antecedente directa do nacionalismo extremista español de Vox e Cs (Rosa Díez, líder da UPD). Unha Rosa Díez que moi axiña faría desprezo da nacionalidade galega por mor da nosa capacidade para non nos definir, sen advertir que as persoas galegas non xogamos ás definicións cando non nos interesa o marco conceptual que se nos quere impór coas mesmas.

A organización daquela protesta, que dicía ser bilingüe, hoxe esixe falarmos español, na liña daquel franquista “Hable bien. Sea patriota” dos anos 50 do século pasado. E, logo de dez anos, algún dos líderes dese nacionalismo español (Ortega Smith polos extremistas, Toni Cantó polos falsos liberais) minten conscientemente denunciando a falsísima discriminación, cando non risco de persecución do castelán na Galicia.

Estes ataques á nosa lingua, cultura e identidade non son ningunha brincadeira. Fronte ao carácter cívico e de afirmación do galeguismo o nacionalismo español é ofensivo e supremacista e baséase no “a por ellos” e no “lo toma o lo toma”. Canda este extremismo

político vogan os empresarios españois interesados na recentralización económica, para obter da nosa economía o rédito que lle habería de cumprir ás empresas galegas e voga ese freakismo cosmopolitanista, moi minoritario, máis con voceiros abondo, presente nas nosas cidades e vilas.

Fronte este supremacismo habemos opór as cualidades da democracia: a inclusión e cohesión social que só se dan nas sociedades xustas que partillan un mesmo sistema educativo, as liberdades que esixen non sermos discriminados no noso País por falarmos e vivirmos na nosa lingua e o sentidíño de non substituír o noso pola voracidade extractiva dos que queren empobrecer e someter este País.

Sentenza ideolóxica contra o galego

A mesma Sala do Tribunal Supremo que rectificou a súa doutrina para impedir que os Bancos pagasen o Imposto de Actos Xurídicos das escrituras notariais ven de fixar xurisprudencia a respecto do uso do galego nas Administracións locais declarando a ilegalidade de determinados contidos da Ordenanza lingüística que o Concello de Lugo aprobara no 2012 por unanimidade de todos os seus concelleiros (entón do BNG, PSdeG e BNG).

A sentenza consolida unha interpretación restritiva da oficialidade da nosa lingua, consagrada no Estatuto e na Lei de Normalización Lingüística,

segundo a que os usos oficiais do galego haberán ir sempre acompañados do uso da lingua castelá, mentres que o uso desta por si mesmo non requiriría o da nosa lingua. Un rol absolutamente subordinado que minoriza o galego, vulnera o dereito a vivirmos na nosa lingua e afástase da interpretación constitucional correcta consonte aos Tratados internacionais asinados polo Estado español, nomeadamente a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias.

Velaí que, malia as dificultades que determinan o exercicio desta caste de acción xudiciais, o Concello de Lugo habería recorrer en amparo esta sen-

tenza perante o Tribunal Constitucional e habería esgotar o preito, se cómpre, até o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, na percura dunha doutrina xurisprudencial europea dos dereitos fundamentais que integre os dereitos lingüísticos.

Verdadeiramente grave, dende os parámetros xurídico e político, é a confusión xudicial entre o dereito ao libre uso do castelán da cidadanía e das limitacións deste dereito nas relacións xurídicas de suxeición especial a respecto das persoas empregadas públicas e das empresas contratistas e concesionarias, que haberían ser gravadas cunha obriga de uso que agora se anula. Teñen os empregados públicos e os xestores dos servizos públicos un dereito a non usar o galego no prexuízo dos usuarios? É unha conclusión ab-

solutamente desaquelada e regresiva.

Existe no noso País unha minoría supremacista (na que sobrancea a radicalizada organización que recorreu esta Ordenanza luguesa) que quere impedir o uso normalizado e oficial da nosa lingua. Unha minoría moi cativa, mais que inflúe de xeito substancial en determinados ámbitos da opinión, da política e da xudicatura e que conecta cunha importante corrente do nacionalismo españolista que quere reverter as moi tímidas melloras legais e sociais que acadou a lingua, a cultura e o autogoberno galegos nos últimos corenta anos.

Son momentos, pois, de reaxir e acadar amplos consensos para garantir máis galego e, sobre todo, pleno respecto aos nosos dereitos como falantes e utentes da nosa lingua propia.

Por Carlos Méixome

Máis madeira

A celebre frase emitíaa don Groucho para reclamar dos seus irmáns pitolas de leña para mover a locomotora na que facían asneiradas polo Oeste. É a guerra, traede máis madeira! berraba co xaruto entre os dentes, mentres Harpo e Chico esnaquizaban asentos, paredes e teitos de vagóns. Un neo-marxista de pro como Pedro Sánchez non ten empacho algún en seguir a senda dos seus ideólogos e alimentar, mentres fique madeira, o queimador da estartelada locomotora.

O que ninguén lle pode cuestionar é a súa capacidade de supervivencia. Xa resucitou en dúas ocasións. Primeiro no partido. Despois no goberno. Agora pretende o máis difícil, facelo unha terceira vez. Será único, non xa na historia humana senón mesmo na divina.

Podía rematar a lexislatura. Os orzamentos prorróganse. Ante os que queren queimalo na propia casa, os que reparten leña no Tribunal Supremo e os pirómanos da Praza de Colón, don Pedro non se arredou e veña, mais madeira!. Eleccións o 28 de abril.

Os superviventes sono por medorentos. Don Pedro éo, non se atreveu a poñelas o 14 con toda a súa forza emblemática, o cal non quere dicir que a celebración deste 88 aniversario da proclamación da II República non vaia ter unha potencia simbólica e mobilizadora de dimensións impredecibles ante a ameaza da dereita trifálica.

Como tampouco tivo a afouteza para facer outra cousa que subliñar a bondade do diálogo cos independentistas cataláns, cando todo o mundo sabía que só era para falar por non estar calado. Medroso como é nin ousou convocar o superdomingo, porque os seus, os baróns, como lle din, non lle deixaron. O señor



de Abelgrado o primeiro. Pero púxollas antes para comprometerlos. Ou eu, ou a Triple Alianza, argumentará.

Así que máis madeira. A votar, despois de 15 días de campaña electoral, o 28 de abril. A votar, despois doutros 15 días de orneante publicidade, o 26 de maio e con tripla papeleta, algúns: europea, autonómica e local. Ata setembro as institucións paradas, sen ninguén que tome decisións, coa ameaza de fatiga cidadá nun ambiente que os patriotas españois tensan de forma

perigosamente irresponsábel.

Neste caótico remexido, don Pedro xoga a ser o máis votado, recuncando na presidencia e permitindo a terceira resurrección. Daquela ninguén lle poderá túsir. Agás os independentistas cataláns que o teñen claro, e os nacionalistas vascos que tamén. Estes na súa pouquidade numérica. Aqueles cun Junqueras convertido en único líder independentista, disposto a pasar anos na

cadea ata que Estrasburgo condene o estado español e a pacífica derrota xurídica e política o obrigue a procurar un acordo a medio prazo que supoña o recoñecemento xurídico de Cataluña como nación.

Os dirixidos dende Madrid teñen tamén o seu xogo. A hipotética emerxencia de Vox arrastrou o PP

cara á dereita máis extrema e deixoulle un espectro máis moderado a Cidadáns, agás no seu extremismo pola cuestión catalá, pero en disputa electoral co sanchismo, en especial despois do gran erro de Rivera admitindo a foto de Colón e a súa negativa ao pacto co PSOE arrástrano tamén cara a dereita extrema. Moitos competidores para un espazo, como todos, limitado. A desfeita de Podemos, arrastrado pola impericia dos seus dirixentes, o seu patriotismo español, os xestos sociais do sanchismo

e os medios que antes os elevaron, orientan os seus votantes cara ao utilitarismo ou o desencanto.

E nós que? Pois máis madeira!. É evidente que o noso sistema de representación segue sendo propio. Semella que a versión feijoniana do fraguismo pode coutar a emerxencia de Vox como fixo ata o de agora con Ciudadanos. Haberá que velo. O resto a repartirse entre tres ou catro. O sanchismo limitado, o BNG incapaz e Podemos querendo apropiarse dun espazo no que se baten con castrexa resistencia os irmandiños. As mostras de sentido común son ben escasas e o fraccionamento do xa de por si reducido espazo pode deixar moitos cadáveres políticos antes do verán.

Nas locais, candidaturas a oito, como os choupiños no outono. Cada un ao seu.

No Senado, serían quen os partidos de abrir unha raioliña de esperanza e concertar unha candidatura democrática e galeguista para facerlle fronte a unha hipotética alianza da dereita trifálica? Aínda que só sexa para unha defensa resistente do actual estado autonómico e impedir a redución de Galicia a “una región mas” e impedir que o 155 e a súa xeralización. Alguén debería abrir esa xanela e que PSOE, BNG, Podemos e En Marea respondesen. Seguro que persoas de probada traxectoria democrática e capacidade non se negaban a botar unha man.



Por Jesús Témez Fernández

Reflexións internacionais

O goberno español sentese enganado por Europa no referente ao problema migratorio; Europa planea unha repartición e distribución dos mesmos só no mediterráneo central, é dicir, en Italia e Malta. Enésimo gol de Europa a España tras os coqueteos de certas institucións e países europeos cos muñidores do Procé; isto é Europa, señores, un conglomerado de países onde cada un arrima o ascua a súa sardiña e onde cando iso non pasa

faise o que marca o Dikta alemán. Non se trata dun problema monetario, económico ou fiscal como nos queren suxerir, vai máis aló. Trátase dunha historia de centos de anos balizada por continúa rivalidade que acabou sendo somatizada por todos os gobernos que aínda por riba das súas desdichas non logran atopar a apócema da unión política; Venezuela é un claro botón de mostra do devandito.

Macron enfádase co goberno italiano polo seu indisimulado apoio aos cha-

lecos amarelos; o petit Napoleón con ínfulas de resucitar a Grandeur na súa persoa patalexa por inxerencias doutros países nos seus asuntos. Onde as dan tómanas Macron, así é a política internacional. Dá a sensación que a ti non che vai dar tempo de asimilar moitas máis leccións da mesma, aure voir.

Trump retira as tropas de Iraq e Siria, pacifica as relacións con Corea setentrional e chega a un entendemento cos talibán en Afganistán. O xinete da apocalipse segundo toda a prensa mundial levando a política máis pacífica e menos intervencionista

que xamais un presidente americano haxa podido levar. Choca por el contrario presentar determinadas declaracións da convencional republicana poñendo matices e reservas sobre o proxecto de Trump advertindo sobre a súa posible radicalidade cando eles foron, no seu momento, os investigadores das inxustificadas e mal planificadas invasións de Iraq e Afganistán. En fin, ver para crer. Pero este mundo da posverdade nos novela relatos canto menos curiosos.



Mellora da eficiencia enerxética dos xulgados de Chantada

A Xunta de Galicia investirá un total de 165.000 euros nos traballos de mellora da eficiencia enerxética nos edificios dos xulgados de Chantada. O director xeral de Xustiza, Juan José Martín, e delegado da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, achegáronse ata as instalacións xudiciais para explicar os novos traballos que se acometerán e que permitirán acadar no seu conxunto unha porcentaxe de redución do consumo enerxético dun 20 por cento en relación coa situación actual.

A Xunta acomete esta intervención para mellorar o confort das instalacións para os traballadores e usuarios, e reducir o consumo enerxético, evitando así emisións contaminantes para o medio ambiente. A Administración autonómica xa dotara no seu



No edificio substituiranse 116 fiestras.

momento a estes xulgados dunha caldeira de biomasa, grazas a un investimento de preto de 52.000 euros, o que permite uns aforros anuais en combustible de 4.000 euros.

A partir de agora, procederase tamén á substitución das fiestras por outras de PVC, que melloran sensiblemente os coeficientes de transmisión térmica das an-

teriores. Igualmente, substituiranse as lámpadas e luminarias por outras de tecnoloxía LED, de forma que a iluminación proporcione o confort visual necesario para o desenvolvemento das actividades previstas no edificio asegurando un consumo eficiente de enerxía. Ambas actuacións disporán dun orzamento duns 112.000 euros.

A Xunta actuará en 21 colexios da Mariña



Colexio Público de Viveiro.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional programou novas actuacións de mellora en 21 centros educativos da área da Mariña que suman un orzamento aproximado de 343.000 euros. En Viveiro está previsto reformar os baños da primeira planta do CEP Lois Tobío; cambiar portas no CEIP de Celeiro e realizar reformas na carpintería interior e exterior da EEI San Roque. Así mesmo, proxéctase substituír ventás no IES Vilar Ponte e instalar unha escaleira de emerxencia no IES María Sarmiento.

Polo que respecta aos demais municipios da zona, as accións programadas inclúen o acondicionamento do chan das aulas de infantil do CEIP do Vicedo; reformas no patio do CEIP Pedro Caselles Rollán de Xove; cambios na instalación

de fontanería do CEIP Santa María do Valadouro; ampliación da biblioteca do CEIP Vista Alegre de Burela; cambio de caldeira do CEIP nº 1 de Foz e dos canlóns da cuberta do CEIP O Cantel (Foz); cambio de caldeira no CEIP Juan Rey de Lourenzá e traballos para substituír ventás nos CEIP Álvaro Cunqueiro de Mondoñedo, CEIP plurilingüe da Pontenova e CEIP de Riotorto. Tamén está prevista a mellora dos aseos infantís da planta baixa do CEIP Gregorio Sanz de Ribadeo e a revisión da instalación eléctrica dos CEIP San Miguel de Reinante e San Cosme, en Barreiros.

Igualmente, no IES Monte Castelo de Burela actuarase na instalación de calefacción do centro e no IES plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo está previsto substituír ventás.

Visita institucional

O alcalde de Monforte, José Tomé, e o presidente da Audiencia Provincial de Lugo, José Antonio Varela Agrelo, reuníronse para abordar distintos temas de interese para a cidade e prantexar futuras liñas de colaboración entre ambas entidades.



982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo



Unidade pública de Alzheimer para Mondoñedo

A conselleira de Política Social, Fabiola García, trasladoulle á alcaldesa de Mondoñedo, Elena Candia, que este departamento autonómico estudaría a proposta da rexedora de poñer en marcha unha unidade de Alzheimer con prazas públicas neste concello lucense.

Fíxoo durante un encontro de traballo con Candia co obxectivo de repasar os recursos de índole social que hai á disposición das veciñas e veciños mindonienses. Fabiola García reiterou o compromiso do Goberno galego coas persoas de máis idade e, en concreto, coas que padecen esta doenza. A conselleira destacou



A alcaldesa, Elena Candia, no centro da foto.

o apoio da Administración autonómica, que no último ano aumentou nun 10% as horas de Servizo de Axuda no Fogar (SAF) postas á disposición do concello, ata superar as 21.000 horas. Xa que nesta

vila se está a empregar a práctica totalidade das horas asignadas, a día de hoxe non hai lista de agarda e dispoñen de coidados profesionais nos seus domicilios 56 persoas dependentes.

O IES de Mondoñedo terá simulador forestal

Os conselleiros de Educación, Universidade e Formación Profesional, Carmen Pomar; e de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, visitaron o IES Plurilingüe San Rosendo, en Mondoñedo, onde comprobaron o funcionamento do simulador forestal co que estes departamentos veñen de dotar o centro. Este equipamento, dirixido ás ensinanzas de FP da familia profesional de Agraria, contribúe a mellorar a cualificación do alumnado, de tal forma que os titulados contén cunha cualificación que responda ás necesidades do sector agroforestal.

Carmen Pomar explicou que este simulador terá unha especial aplicación no ciclo superior de Xestión forestal e do medio natural e na titulación de FP Dual deste IES, a de grao medio en Aproveitamento e conservación do me-



dio natural. Neste sentido salientou que este ciclo se desenvolve en colaboración con 13 pequenas e medianas empresas da zona. Polo tanto, o simulador non é só importante para a formación dos futuros titulados, senón para a cualificación que lles vai achegar e coa que van poder ofrecer unha preparación moito máis completa a estas empresas locais que no seu momento decidiron implicarse no pro-

xecto estratéxico para Galicia que é a FP e, en concreto, a súa modalidade Dual.

O conselleiro de Economía subliñou que este proxecto permitirá á industria forestal contar con persoal cualificado e gañar en competitividade: "Con este simulador seguimos facendo unha aposta pola industria forestal que ten que pasar pola colaboración entre administracións, tecido industrial e centros de coñecemento".

Educación inviste da IES Val do Asma de Chantada



O delegado da Xunta visitou o IES Val do Asma en Chantada.

O delegado da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, mantivo un encontro cos representantes da Asociación de Nais e Pais e do equipo directivo e explicarlles a intervención prevista e os prazos que se manexan. As obras servirán para ampliar e mellorar as dependencias dos ciclos formativos de grao superior de formación profesional dual.

En concreto, construíranse dúas novas aulas cun núcleo de aseos, cunha superficie aproximada de 130 metros cadrados útiles próxima aos talleres existentes. Estase tra-

ballando na elaboración do proxecto coa previsión de licitar as obras este mesmo ano para que se executen no vindeiro curso.

O delegado lembrou que a Consellería de Educación destinou nos últimos meses máis de 112.000 euros a obras de mellora dos catro centros educativos de Chantada, o propio Val do Asma, coa distribución de espazos para a FP básica, así como o IES Lama das Quendas, e os colexios Xoán de Requeixo e Eloísa Rivadulla, onde se acondicionará próximamente unha soleira para parque infantil.

Medio Rural mellorará camiños

A Consellería de Medio Rural –a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)– destinou para o período 2013-2020 preto de 30 millóns de euros en axudas dirixidas aos concellos da provincia de Lugo para a mellora de estradas, pistas e camiños de titularidade municipal.

En concreto, a administra-

ción autonómica destinou 24,1 millóns de euros repartidos entre os 67 concellos lucenses con cargo aos correspondentes plans de mellora de camiños rurais executados entre 2013 e 2019 e, neste momento, está en prazo de solicitude unha nova convocatoria deste programa, correspondente ás anualidades 2019-2020, por valor de 4,1 millóns de euros adicionais.

Monforte contará, por primeira vez, cunha estación meteorolóxica

Monforte contará con todos os elementos necesarios para que os seus cidadáns poidan coñecer os aspectos relacionados coa meteoroloxía da cidade. O alcalde, José Tomé Roca, deu a coñecer aos medios o proxecto meteorolóxico levado a cabo entre o Concello e Meteogalicia. Deste xeito, en verbas do alcalde, “conseguimos que Meteogalicia instale en Monforte tres dispositivos de información meteorolóxica, que van permitir que a nosa cidade se sitúe ó mesmo nivel que o resto das cidades de Galicia.”

Así, as instalacións que se ubicarán en distintos puntos da cidade de Monforte son as seguintes: Unha Estación Meteorolóxica na Pinguela, situada na zona de céspede, xunto ás pistas de tenis. Unha Pantalla de Información Meteorolóxica e de Calidade do Aire xunto ó Concello. Unha Cámara Web na muralla xunto á porta de acceso á Torre da Homenaxe.

Estación Meteorolóxica

Esta nova instalación que se ubica na Pinguela, entra a formar parte da rede de estacións meteorolóxicas de Me-

teogalicia e vai permitir coñecer os datos climáticos reais de Monforte, que son empregados diariamente por moitos usuarios para as diversas actividades, para informes ou para xustificar danos nas propiedades ou nos cultivos por causas meteorolóxicas. As medicións que rexistrará a estación meteorolóxica serán as seguintes: Velocidade e dirección do vento ademais do refacho. Temperatura e humidade do aire. Presión atmosférica. Temperatura do chan. Temperatura da herba. Radiación solar e choiva ou precipitación.

Unha vez que estea a estación meteorolóxica operativa, os datos poderanse consultar a través da web de Meteogalicia www.meteogalicia.gal ou na súa APP. Para a instalación da estación meteorolóxica montarase un mástil de aceiro inoxidable de 10 metros de altura onde se colocarán os sensores de vento, de temperatura, de humidade, de radiación solar e o armario cos equipos de alimentación, procesado e envío de datos. Ademais, instalaranse dous soportes para os pluviómetros.

A estación non require de alimentación eléctrica externa, xa que esta é subministrada por un pequeno panel solar, que se instalará xunto cos demais equipos. A comunicación é por telefonía móbil mediante o sistema de 3G. Para protexer os equipos da estación realizarase un peche do perímetro adaptándose á forma do emprazamento de aproximadamente 30 m² (6x5 m.). A altura da valla será de 2 metros, cunha porta de acceso, semellante á que figura na foto adxunta. Respecto da instalación desta Estación Meteorolóxica, o alcalde salientou que “empezarán de inmediato.”

Cámara Web

Meteogalicia tamén instalará unha Cámara Web en Monforte, ampliando a rede de Cámaras Web que xa ten instaladas, para poder ver en tempo real as condicións meteorolóxicas de calquera punto da xeografía galega, neste caso en Monforte. Isto vai permitir obter imaxes en tempo real e poñelas a disposición do público na APP ou na páxina web, de maneira gratuíta e para que calquera persoa poida planificar as súas



José Tomé en rolda de prensa.

actividades persoais ou profesionais. A ubicación escollida para esta cámara é na cima do muro que rodea a Torre da Homenaxe, orientada cara os Escolapios.

O terceiro elemento que se vai instalar en Monforte vai ser unha Pantalla de información pública de Meteoroloxía e Calidade do aire, e tamén vai permitir facer públicos outros temas de interese e seguridade para os cidadáns, como os avisos diante de Fenómenos meteorolóxicos extremos ou posibles eventos da mala calidade do aire por contaminación.

A ubicación da Pantalla vai ser na esquina dereita do Concello, orientada cara a rúa e a Praza do Campo de San Antonio, onde remata a rampla de acceso lateral.

As características da pantalla son as seguintes: Irá instalada

en sentido horizontal, as dimensións son de 2 metros de longa por 1 metro de alta, estará colocada sobre un poste metálico de 2,20 metros de alto. Para poder realizar os labores de mantemento, estará separada da parede do edificio entre 0,5 e 1 metro, estará conectada á rede de alumado municipal.

O motivo de ubicala neste punto é para que dea información ós veciños en xeral, pero tamén ós peregrinos do Camiño de Inverno, dado que a ruta de peregrinación a Santiago pasa polo Campo de San Antonio na parte frontal do Concello. Finalmente, o alcalde valorou moi positivamente este proxecto: “Creo que estas novas instalacións son un logro importante e colocamos as Monforte no mesmo ranking que o resto das cidades galegas”.

Saúl López medalla de ouro de Ciclocross 2019

Oalcalde do Concello de Monforte recibiu ao atleta monfortino Saúl López Álvarez en recoñecemento pola medalla de ouro conseguida no Campionato de España de Ciclocross celebrado en Pontevedra entre o 11 e o 13 de xaneiro de 2019. Nesta ocasión Saúl conseguiu a medalla de ouro na proba de Ci-

clocross por relevos formando parte de Selección Galega.

Saúl é un dos deportistas máis destacados do Concello de Monforte que actualmente compite co Club Ciclista Maceda. Outros resultados recentes e destacados de Saúl son: Campionato Galego que conseguiu no ano 2018 na modalidade BTT XCO (Cross Country Olím-

pico). O 3º posto no Campionato de España de BTT XCO (Cross Country Olímpico) na modalidade de relevos por equipos (Team Relay). Deste xeito, o alcalde, en nome de todos os monfortinos, trasladoulle a noraboa por todos os éxitos acadados e obsequiouno cunha figura conmemorativa da Torre do Homenaxe da cidade.



Saúl López con José Tomé.

Monforte mellora a iluminación do Parque dos Condes

O Concello de Monforte segue adiante coa execución novos proxectos para continuar avanzando na mellora de iluminación pública da cidade. Nesta liña, o goberno municipal ven de iniciar os traballos de instalación do novo sistema de alumeado público no aparcamento do Parque dos Condes. Deste xeito, as obras foron visitadas por José Tomé Roca, alcalde da cidade, que estivo acompañado por José Luís Losada, concelleiro de Servizos, a técnico de servizos do Concello, así como o responsable da empresa monfortina Raúl e Hijos, adxudicataria da obra.

Espérase, desde o Concello, que a instalación das luminarias do Parque dos Condes remate nun mes. Houbo un pequeno retraso no inicio das obras, debido á recepción dos materiais, pois a empresa fabricante só os realiza baixo demanda. Pero se non xorden outro tipo de imprevistos, agárdase que a iluminación estea en funcionamento antes do Antroido.

A obra de mellora lumínica do Parque dos Condes ven a substituír á actual instalación unilateral arredor da zona de aparcamento, que conta con luminarias tipo proxectores en mal estado sobre postes de formigón e madeira, de alta po-



O alcalde cos técnicos no aparcadoiro.

tencia de 400 W en vapor de sodio de alta presión. A obra consistirá na instalación dun novo cadro de mando, na substitución das luminarias e dos apoios que se atopan en mal estado, e na instalación de 16 columnas metálicas de 12 metros. Para elo, tamén se levará a cabo a canalización e cableado xeral da instalación.

Na iluminación do aparcadoiro, utilizaranse luminarias de Clase así como sistema multinivel mediante reductor estabilizado que favorecerán considerablemente o aforro económico, enerxético e de emisións de gases de efecto invernadeiro (CO₂). Así, o Concello solventará as deficiencias de iluminación dun dos principais aparcadoiros da cidade,

moi utilizado polos veciños de Monforte pola súa boa ubicación.

Desde o Concello, búscase, con este e outros traballos xa levados a cabo en moitas zonas da cidade e tamén das parroquias, aumentar o rendemento lumínico das diferentes instalacións pero sen que haxa un incremento no consumo. Xa que unha das prioridades deste Goberno municipal está sendo recuperar e mellorar a iluminación de Monforte. De feito, na zona rural entre a instalación de novos puntos de luz e o encendido de farolas que estaban apagadas, a día de hoxe hai máis de 200 puntos de luz. E na cidade, o Concello mellorou a iluminación de máis dunha trintena de rúas.

Monforte poda catro mil árbores

O Concello de Monforte de Lemos ven de iniciar a campaña de poda de árbores en diferentes zonas da cidade. Dita campaña está coordinada polo técnico de Medio Ambiente e son dez operarios do Concello os que se encargan do seu desenvolvemento, en concreto, catro xardineiros e seis traballadores de apoio.

O obxectivo destes traballos é mellorar a imaxe da cidade e contribuír tamén ó mantemento das zonas verdes. Vaise empregar unha maquinaria específica para rozar as árbores, eliminar toda esa vexetación e ramas que xa non serven e que está impedindo o bo crecemento das mesmas.

Os traballos abarcarán tres tipos de podas específicas. Dunha banda, poda baixa, que se levará a cabo en rosais, buxos, Ligustrum e hortensias. Esta poda abarcará os parques da Compañía, da Pinguela, o de López Suárez, o de Río Seco, o da Florida, o Centro de Drogodependencia, así como as rúas Rosalía de Castro, Santo Domingo, Irmáns Dapena, Abelardo Baanante, e as prazas Do Piñeiro e San Antonio. Doutra banda, a poda á media altura levarase a cabo nas especies arbóreas Ligustrum, Magnolia, Robinia, Prunus, Quercus, Acer, Photinia, Lagerstroemia, Cercis, Hibiscus e Nerium. Finalmente, tamén se efectuarán podas en altura nas especies Platanus, Tilo, Populus, Magnolio, Betula, Catalpa e Quercus.

Medio Rural porá a producir a terra agraria de Vilalba

A Consellería do Medio Rural traballará xunto ao concello de Vilalba para poñer a producir terras do concello actualmente en desuso. Así o decidiron o conselleiro José González e o alcalde, Agustín Baamonde, nunha reunión celebrada no concello. Ambos coinciden na necesidade de poñer en valor aquelas parcelas que estean abandonadas ou simplemente que a día de hoxe non teñan actividade produtiva. Deste xeito, mello-

raría a economía dos veciños e do municipio, así como a protección contra os posibles incendios forestais.

Respecto á revalorización de terras, o conselleiro tamén interesouse polas novas reestruturacións parcelarias que os veciños queren abrir no municipio, como son as de Goiriz, Lanzós, Román e San Xurxo de Rioaveso, todas elas actualmente en estudo para valorar se cumpren cos requisitos esixibles. No caso das tres primeiras xa se están

elaborando os documentos ambientais e, unha vez se teñan as conclusións, estudarase a mellor forma para poñer estes terreos a producir.

En relación coas infraestruturas do concello, José González destacou que este ano o goberno local disporá de 111.746 euros da Consellería do Medio Rural para mellorar os camiños municipais, a mesma contía que recibiu en 2018 e coa que arranxou os accesos aos núcleos de Vilapedre, Ínsua e Noite.



O alcalde Agustín Baamonde co conselleiro de Medio Rural, no centro.

No 2017, con este orzamento do Plan de mellora de camiños municipais acondicionou a vía de Nete a Oleiros.

O Ministerio de Xustiza require ó alcalde de Beade para que retire símbolos franquistas

O Ministerio de Xustiza do Goberno de España, a través da Dirección Xeral para a Memoria Histórica, ven de requerirle persoalmente ó alcalde franquista de Beade (PP), Senén Pousa Soto, que cumpra a lexislación vixente e a xurisprudencia do Tribunal Supremo, no referente á obrigada retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación da sublevación militar e da represión da ditadura de Francisco Franco. O rexedor leva máis dunha década incumprindo a lei a propósito, co consentimento e aplauso do Partido Popular e, ademais, gabándose da súa actitude.

Nun requerimento asinado en Madrid o 13 de febreiro de 2018, Fernando Martínez, director xeral para a Memoria Histórica, reclámalle ó rexedor que acredite “la no existencia de simbología de exaltación en su municipio, y para el caso de que la hubiera, proceda

a dar cumplimiento a la Ley 52/2007, elaborando el catálogo de vestigios municipal, con su inmediata retirada de los escudos, insignias, placas y otros objetos o menciones conmemorativas de exaltación de la sublevación militar y represión de la dictadura”. Casualmente o escrito está dirixido á rúa do Caudillo, xa que a casa do concello deste municipio ourensá está ubicada nesa dirección.

O Ministerio, ademais, recorda o carácter indubidablemente preceptivo da norma que se empeña en incumplir: “la Ley 52/2007, de 26 de diciembre, por la que se reconocen y amplían derechos y se establecen medidas en favor de quienes padecieron persecución o violencia durante la guerra civil y la dictadura, regula en su artículo 15.1, respecto de los símbolos y monumentos públicos, que /as Administraciones públicas, en el ejercicio de sus competencias, tomarán las medidas oportunas para la retirada de escudos, insignias, placas y

otros objetos o menciones conmemorativas de exaltación, personal o colectiva, de la sublevación militar, de la Guerra Civil y de la represión de la Dictadura. Entre estas medidas podrá incluirse la retirada de subvenciones o ayudas públicas.”

Consecuencias

Desta forma, este órgano que depende directamente da Subsecretaría de Estado de Xustiza, indícalle ó alcalde insurrecto do Partido Popular que debe cumprir a lexislación vixente de inmediato, e tamén lle aclara que a xurisprudencia dictada polo Tribunal Supremo xa aclarou os pormenores desta obriga que se “impón” a todas as Administracións Públicas de España, e tamén as consecuencias do seu incumprimento.

“Conforme a la sentencia de 7 de junio de 2013, dictada por el Tribunal Supremo, Sala de lo Contencioso-Administrativo, recurso nº 2016/2009, el artículo 15 de la Ley de Memoria Histórica impone a todas las Administraciones Pú-

blicas adoptar las medidas oportunas para que se proceda a la retirada de aquellos monumentos conmemorativos que supongan una exaltación de la Guerra Civil, con el objeto de dar cumplimiento al espíritu de reconciliación y concordia que permitió el alumbramiento de la Constitución de 1978, y evitar la permanencia de cualquier vestigio que pueda ser causa de enfrentamiento, agravio u ofensa al modelo constitucional de convivencia”, concluíu o máis alto tribunal.



Senén Pousa Soto alcalde de Beade.



A Consistorial de Beade está na rúa Caudillo s/n.

O PP tomba o debate para retirar símbolos que honran a cargos públicos condenados por sentenza firme

O PP da Deputación tombou o debate da moción socialista que reclama retirar obxectos, símbolos e nomes que honran a cargos públicos condenados por sentenza firme, cunha escusa burocrática coa que limitou o libre traballo da oposición. Durante a sesión da comisión provincial informativa de Transparencia e Administración, os conservadores alegaron que a moción foi rexistrada fóra de prazo. A data límite para rexistrar mocións para o pleno ordinario de fe-

breiro era o venres día 8 e a iniciativa foi rexistrada a unha e media da tarde do día 8, en tempo e forma. “Logo desta escusa burocrática, o PP tamén negou a súa inclusión na orde do día pola vía da urxencia e, polo tanto, non poderá ser debatida no pleno ordinario”, sotén o PSdeG.

O deputado do PSdeG-PSOE, Ignacio Gómez, denunciou que “non pode ser que se coarte así a liberdade dun grupo político para realizar o seu traballo de oposición e a liberdade de expresión”. “A este paso

imos ter que rexistrar as mocións o día 1 de cada mes”, ironizou antes de asegurar que o Partido Popular “está acostumbrado a facer o que lle da a gana nos concellos coa súa maioría absolutísima pero nós, que somos realmente democratas, estamos encantados de debater isto ou calquera outra cousa que propoñan con todos vostedes”.

Gómez sinalou que a iniciativa que o PP nega “é unha moción que nos dignifica a todos”, e destacou que “non poderán negar a liberdade do Par-

tido Socialista”, polo que, dixo, “como non podemos tolerar esta actitude, teremos que tomar outras medidas”. “Acabarán por prohibirnos entrar no pleno”, ironizou novamente.

José Luís Baltar

Ante as mentiras do portavoz do grupo do Partido Popular, Plácido Álvarez, que alegou que a moción realmente só busca atacar ó expresidente do PP da Deputación, José Luís Baltar, o deputado Gómez recordou que o texto da iniciativa socialista, que non poderá ser debatida na sesión

ordinaria, en ningún momento fai referencia a persoas concretas, polo que afectaría a calquera cargo público de calquera partido ou formación política. “O fondo é oportunista” chegaron a afirmar os populares ós que, segundo esta conclusión, polo visto, lles parece fantástico que persoas condenadas pola xustiza e que atentaron contra a honrabilidade das administracións, institucións e cargos públicos, sexan honradas con vítores e loas por toda a provincia.

Socialistas do Ribeiro denuncian manipulacións na Mancomunidade

Os socialistas dos municipios de Leiro, Cenlle, Arnoia, Cortegada e Beade, pertencentes á comarca ourensá do Ribeiro, denuncian as burdas mentiras e manipulacións do presidente da Mancomunidade do Ribeiro e alcalde de Leiro, Francisco José Fernández, sobre mellores fantasiosas na recollida do lixo e rebaixas nas taxas que benefician ás familias. Ante os anuncios do goberno galego dunha nova rebaixa durante o ano 2019 do 10 %, no canon que se paga a Sogama, afirman que “realmente o maior interese do presidente da Mancomunidade é manter o poder político que lle confire manexar eses recursos públicos cos que comprar á cidadanía” xa que, segundo explican, “esa rebaixa é só unha proposta que está sen aprobar e cando sí rebaixaron a taxa a Mancomunidade quedou cos cartos de todos”.

Así pois negan que, tal e como afirma propagandisticamente, cada rexedor é libre de aplicar ou non a rebaixa dese

canon. “Xa sabemos que ese diñeiro vai quedar na Mancomunidade, en detrimento da veciñanza, porque para o PP é prioritario manter o poder político fronte ó benestar dos veciños e veciñas”, salientan antes de recalcar unha vez máis as formas caciquís do presidente da entidade e alcalde de Leiro, que “tenta amedrentar ós veciños con menos investimentos por non ter diñeiro se lles rebaixa o recibo do lixo”.

“Os socialistas de Leiro acabamos de descubrir que se os parques e as obras non se facían, era porque o alcalde mentía descaradamente, ao asegurar que Sogama incrementara o canon, cando a verdade era que o rebaixara un 10% e o señor alcalde de Leiro, do mesmo xeito que os seus colegas de Cenlle, Arnoia, Cortegada e Beade, preferiron incautar o diñeiro na mancomunidade e non rebaixarllo no recibo dos veciños”, aseveran.

Tamén recordan que a baixada en 12.000 euros do custo da recollida de lixo para os veciños en 2018 “foi froito da



presión que os portavoces socialistas fixemos, solicitando que se contratase o servizo de recollida da Deputación por ser máis económico e sen privilexiar na repartición de custos a uns concellos en detrimento de outros”. Os portavoces do PSdeG-PSOE matizan ademais que o canon de Sogama “aínda non se puido revertir en beneficio dos veciños porque aínda non se empezou a cobrar en 2019” e recordan que o presidente galego minte vergoñentamente cando di que o custo do servizo “sempre baixa”, xa que en 2015 e 2017 subiu.

Os socialistas denuncian unha vez máis os “escuros texemaxes económicos do PP nunha mancomunidade que é de todos e todas, pero que teñen secuestrada exclusivamente para os seus usos partidistas”. “A rebaixa de taxas que aseguran vai recaer nos contribuíntes, realmente queda bloqueada na mancomunidade e non chega nunca aos veciños e veciñas, exclusivamente porque así o deciden os alcaldes populares de Leiro, Cortegada, Cenlle, Arnoia e Beade”, insisten.

Desviación no custe

Os socialistas destes muni-

cipios tamén se preguntan “como é posible que a Mancomunidade do Ribeiro, que leva décadas funcionando e que preside na actualidade, Francisco José Fernández, non é capaz de determinar con exactitude o custo real do servizo de lixo que presta, precisando unha desviación no cálculo dun 29 %, cando os portavoces do PSdeG-PSOE podemos calcular, sen erro, o custo de cada municipio con só seguir os parámetros da Deputación de Ourense, para o servizo de recollida do lixo que presta noutros municipios da provincia”.

Os líderes do PSdeG-PSOE conclúen asegurando que os sobrecustes do servizo aplaudidos ano tras ano polo PP “impiden que a nosa veciñanza disfrute, por exemplo, de mellores e máis amplos servizos sociais para os que durante a crise, segundo eles afirmaban, non había diñeiro, pero sí houbo cartos sempre para manter unha Mancomunidade xestionada de forma absolutamente ineficaz e ineficiente que realmente é chiringuito clientelar do PP”.

O edificio dos Xulgados terá máis fiestras no verán

Hai catro anos a Xunta de Galicia investiu 17 millóns de euros na construción do novo edificio xudicial de Ourense, situado no barrio do Couto. Logo de que se sucederán dúcias de queixas dos traballadores pola falta de ventilación natural, a Xunta acetou realizar reformas para emendar un erro estrutural que incluso foi xa obxecto de reclamacións ante as máis altas instancias xudiciais.

O inmovible, de seis plantas, só ten tres fiestras, todas feitas despois da inauguración na primavera do 2015. A do xul-

gado contencioso número 1, está operativa despois de que o servizo de prevención de riscos do Consello Xeral do Poder Xudicial fixese público un informe no que se recomendaba a ventilación natural. Ademais, abriuse outra no xulgado de garda e unha máis para os forenses.

“Estou convencido de que antes do verán comezarán as obras para a apertura de fiestras”, asegurou Leonardo Álvarez, xusto despois de ser reelixido para o posto de decano dos xuíces do partido xudicial de Ourense durante os próximos

catro anos. O maxistrado deixou entrever que existe xa o visto e prace do executivo galego para acometer unha reforma que considera necesaria e que permitirá mellorar as condicións de traballo non só de xuíces, fiscais e letrados da administración de xustiza, senón tamén de todos os funcionarios que prestan servizo nas instalacións. “Humano é errar e máis humano é emendar”, recoñeceu Álvarez, que espera que o proxecto para eses traballos estea listo antes do verán. O decano explicou que entre as súas prioridades para este novo mandato está



O edificio dos Xulgados de seis pisos só ten tres fiestras.

mellorar a situación dos xulgados con máis carga de traballo, como os penais ou o de familia.

Leonardo Álvarez facía estas declaracións despois dunha votación que non puido estar máis rifada. De feito, a antigüidade no escalafón fronte a

Branca Díez pesou ao seu favor tras saldarse con empates as dúas votacións realizadas. Na primeira cada candidato recibiu oito votos, sumándose ademais dous en branco. Na segunda volta repetiuse o empate, esta vez con nove votos para cada un.

Baltar non comparece para explicar a compra de alcaldes doutros partidos



Manuel Baltar, presidente da Deputación de Ourense.

“Manuel Baltar inventou un “erro burocrático” para non comparecer en comisión, co fin de explicar a compra de alcaldes e alcaldesas doutros partidos con fondos da Deputación de Ourense”, din os socialistas. O PSdeG reclamou en tempo e forma a comparecencia do presidente da Deputación na comisión informativa de Transparencia e Administración, pero primeiro o PP aludiu a un suposto erro dos funcionarios, e logo tombou a comparecencia coa súa maioría absoluta por ser “unha mera especulación carente de fundamento”.

Os populares alegaron nun informe que “debido a un erro burocrático, o escrito non foi remitido dende a Oficina do Rexistro ao Negociado de Secretaría Xeral ata o día 8 de febreiro, ás 14 horas e 3 minutos, cando a sesión ordinaria da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial correspondente ao mes de febreiro xa fora convocada”. A solicitude foi rexistrada dous días antes, en tempo e forma. Este ‘erro’, casualmente, impediu que a comparecencia fose incluída na orde do día polo que tivo que ser tratado pola vía da urxencia.

Nese informe, o PP xa argumentaba que “non é certo que se estean utilizando recursos públicos da Deputación para a captación de candidatos para o Partido Popular nas vindeiras eleccións municipais (sendo as afirmacións da portavoz do Grupo do PSdeG-PSOE

unha mera especulación carente de fundamento, e que nin sequera se motiva no seu escrito)”, unha conclusión coa que procederon á desestimación da petición.

Suprimir a comisión

Durante a sesión da comisión, os conservadores afirmaron “negar a maior” sobre esta evidente práctica. Pola súa banda, o deputado socialista, Ignacio Gómez, replicou que “nós non podemos seguir tolerando esta situación e imos ter que pedir que esta comisión desapareza porque non ten sentido que esteamos aquí todos os meses para que logo o presidente non veña nunca”. “Isto é unha comisión de transparencia que non é transparente”, dixo.

“Non entendemos este comportamento do PP, pero iso de negar a maior cando vostedes mesmos anuncian as fichaxes de alcaldes e alcaldesas antes de celebrar as eleccións... pois nós negamos a maior desa negación”, aseverou Gómez antes de insistir que “estamos ante unha evidencia”. Os socialistas recordaron que “estes comportamentos atentan contra os principios democráticos máis básicos e contra códigos de ética como é o Pacto Antitransfuguismo” do que o PP forma parte, e destacan que estas “operacións de captación de alcaldes e alcaldesas teñen lugar de cara a unhas eleccións municipais que decidirán quen será o próximo presidente da Deputación”.

O PSdeG acusa a Baltar de incumplir o pacto anti transfuguismo



O “independente” alcalde de Trives pasase ao PP.

O PSdeG-PSOE de Ourense acusa a Manuel Baltar, presidente da Deputación, de empregar millóns de euros públicos da institución para fichar a alcaldes e alcaldesas doutras formacións, incumprindo escandalosamente o pacto anti transfuguismo do que o PP forma parte. Os socialistas salientan que o presidente practica o “despotismo absolutista afogando economicamente ós municipios que non son da súa corda” durante toda a lexislatura, e meses antes das eleccións locais adícase a “mercar rexedores a golpe de talonario público con promesas de investimentos decididos unilateralmente coma se fose o Rei Sol”.

“No que vai de mandato Baltar concedeulle, por exemplo, só ó alcalde de Cortegada un plus de fichaxe que suma 1,5 millóns de euros extraordinarios que non levaron outros municipios, e foi pola única razón de pasarse ó PP nos anteriores comicios”, relatan. “O propio rexedor, Avelino de Francisco, recoñeceu no ano 2014 que marchaba ó PP polas axudas da Xunta de Galicia e da Deputación”, recordan. Durante os últimos anos este vergoñento “mercado” serviu para mercar con euros de todos e todas os ourensáns, a alcaldes e alcaldesas de municipios como Cortegada, A Bola, Rairiz de Veiga, Os Blancos, A Mezquita e Gomensende, e tamén ó mandatario de Trives, co rexeitamento expreso da formación independente da que forma parte este rexedor.

O PSdeG-PSOE asegura que Baltar “pretende dopar ó Partido Popular de Ourense mediante unha compra sistemática de votos e vontades, usando os orzamentos da Deputación e incumprindo as normas pactadas que regulan a decencia política”.

Partidismo

“Baltar unta ós alcaldes e alcaldesas con fondos públicos para o seu único beneficio persoal co fin de manter os votos do PP no rural da provincia e non perder a Deputación que herdou do seu pai”, aseveran antes de reclamar que o presidente do PP de Galicia debería poñer orde ante esta “evidente patada ás normas da democracia coas que incauta millóns públicos para usos partidistas”. “O presidente da Deputación incumpre sistemáticamente o pacto antitransfuguismo no que o PP se comprometeu expresamente a impedir a utilización de tráfugas para constituír, manter ou cambiar as maiorías das institucións, e faino co total beneplácito de Alberto Núñez Feijóo que cala e bendice estas fichaxes sufragadas con millóns de euros públicos”.

Así pois, os socialistas reclaman, unha vez máis, que o presidente da Deputación ourensá “poña fin de inmediato ó sistema caciquil e decimonónico co que reparte os fondos públicos, xa que é un evidente agravio para os veciños e veciñas de concellos onde non gobernan os amigos do presidente e os concelleiros e concelleiras que se venden ó mellor postor”.

O BNG esixe unha tarifa eléctrica galega

A deputada do BNG Noa Presas e Luís Seara, candidato do BNG á Alcaldía de Ourense, participaron dun acto reivindicativo no encoro de Velle. Acompañados dun grupo de militantes despregaron dúas pancartas nas que se podía ler “Tarifa eléctrica galega” e “Galiza produce, Madrid consume”.

Con esta acción, o BNG quixo amosar que é posíbel actuar desde as institucións para regular o mercado eléctrico permitindo que as galegas e galegos se poidan beneficiar da condición de produtora enerxética de Galicia.

Noa Presas afirmou que “unha tarifa eléctrica galega é a alternativa que precisa Ourense para dar o impulso económico e social para deixar atrás a preocupante situación en termos de emprego e demografía que nos deixan as políticas do PP”. Clarificando que “unha redución do 30% nas peaxes permitiría reducir en 200 euros anuais a factura dos particulares e un abaratamento en todo o tecido industrial.”

“Esiximos que o noso papel de produtores de enerxía, que fai que Galiza exporte máis do 35% da enerxía que producimos se converta nunha oportunidade para rematar coa pobreza



Luís Seara e Noa Presas no encoro de Velle, en Ourense.

enerxética e co peche de empresas”, declarou Presas.

Neste sentido Luis Seara sinalou “que unha tarifa eléctrica galega suporía o abaratamento do recibo da luz para as empresas da provincia, para o comercio local e de proximidade que está nunha situación límite e dando sinais de alerta dende hai tempo. Abaratamento que tamén afectaría á veciñanza da provincia, coas pensións máis baixas do Estado”. Noa Presas engadiu que “as comarcas de Ourense son as máis castigadas polas políticas do PP e PSOE na Xunta e no Estado, pois temos os peores índices de emprego, maior media de idade e pensións máis baixas, non só de Galiza senon tamén do Estado”.

Para exemplificar o nulo beneficio que teñen as po-

boacións que acollen o impacto da produción, Noa Presas recordou que “mentres Ourense ten o 50% da grande hidráulica de todo Galiza hai veciños ao lado de presas como esta de Velle, que non poden pagar a factura todos os meses”.

Diante desta situación económica e social esixiron a PP, PSOE e demais forzas do Estado que abandonen o seu centralismo e deixen de roubarnos o futuro. Con unha tarifa eléctrica galega que permita abaratar a factura que pagan os galegos e galegas será unha porta de estímulo para construír un futuro con traballo e con poboación con capacidade de medrar. “En definitiva, cando falamos de soberanía falamos de sermos donos dos nosos recursos, falamos das cousas de comer”, concluíu Luís Seara.

A Xunta mellora o polígono industrial do Pereiro de Aguiar



A Xunta achega 45.000 euros para o polígono industrial do Pereiro.

O Concello ourensán do Pereiro de Aguiar recibiu da Consellería de Economía, Emprego e Industria unha achega de case 45.000 euros para investir en obras de mellora do polígono industrial emprazado no seu termo municipal. A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, acompañada de responsables municipais e do presidente da Asociación de empresarios desta zona, Eduardo Cid Fernández, visitou este recinto industrial para coñecer as actuacións executadas ao abeiro da orde de axudas para os parques empresariais do pasado ano. Díaz Mouteira comprobou as obras de reparación das infraestruturas viarias, tanto de acceso como interiores, que contaban con tramos

moi deteriorados. A Xunta asume o pagamento do 80% do seu custo cunha achega superior aos 6.500 euros. Ademais, ampliouse e mellorouse o sistema de seguridade control e televixilancia deste parque empresarial, actuación que contou cunha axuda de 38.000 euros.

Díaz Mouteira indicou que estes investimentos “poñen de manifesto que a Xunta segue mantendo o seu compromiso cos gobernos locais e o desenvolvemento das súas infraestruturas, co fortalecemento do tecido empresarial e industrial e co apoio ao emprendemento”, liñas que encaixan coas medidas promovidas pola Lei de implantación empresarial para favorecer a captación de novos investimentos para Galicia.

A Xunta paraliza obradoiros

A Xunta de Galicia paralizou os obradoiros de albañilería e xardinería que o Concello de Ourense estaba a desenvolver no Xardín do Posío, segundo denunciou Democracia Ourensá. Os integrantes destes obradoiros levaban nestes traballos uns trinta días, segundo

asegura a formación de Gonzalo Pérez Jácome. Este cualifica o ocorrido como “a enésima inepcia do alcalde e do Concello de Ourense”.

Segundo Democracia Ourensá, a paralización dos traballos produciuse por non ter o Concello a correspondente documentación en re-

gra. Jácome conclúe que “estaban a operar ilegalmente”. Situación na que veu operando o Concello de Ourense durante o último mes. Pérez Jácome culpa diso a Jesús Vázquez e a “o seu mermado equipo”, e opina que é “imposible saír do pozo cun dirixente así”.



As obras paralizadas no xardín do Posío.

A Confederación mellora as marxes do río Arnoia

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica, iniciou os traballos de limpeza do río Arnoia ao seu paso pola zona urbana de Allariz. Estas actuacións están incluídas no contrato de conservación do Dominio Público Hidráulico (DPH) dos ríos da Demarcación Miño-Sil nas provincias de Ourense, Pontevedra e Zamora nas que o organismo de conca investirá máis de 765.000 euros.

Programáronse actuacións

en dous tramos de río, unha primeira zona que comprende desde as inmediacións do centro escolar de Allariz ata a Ponte de Vilanova e a contorna das piscinas municipais, e unha segunda zona que comeza á altura do complexo deportivo do Seixo e que finaliza augas abaixo do “Muíño do Briñal”.

Da inspección previa á zona detectouse que ambos os tramos presentan abundante vexetación arbórea e arbustiva e un importante número de árbores afectadas polo fungo “Phytophthora alni” con risco de caída sobre o carreiro fluvial

e o propio leito.

Para solucionar a problemática existente, procederase á roza selectiva de matogueira perimetral, poda e clareo de ramas baixas e á curta sanitaria de pés secos para evitar tapóns en infraestruturas de paso, así como, ao apeo e retirada de todos os exemplares afectados polo fungo, atendendo ao “Protocolo de actuación para alisos enfermos pola Phytophthora alni”.

“O Arnoia en Allariz atópase nun aceptable estado de conservación, aínda que, unha vez visualizada a presenza de máis



O río Arnoia ao seu paso pola vila de Allariz.

de 125 alisos enfermos e con risco de caída sobre o paseo, programamos a curta e o apeo urxente dos mesmos para evitar risco para as persoas e os seus bens”, explicou José Antonio Quiroga, presidente da CHMS.

“Estes traballos son realizados por unha brigada composta por catro operarios es-

pecializados que terán que seguir o protocolo de actuación para evitar que a praga se propague”, matizou Quiroga. O prazo de execución estímase en 5 semanas que discorrerán ao longo dos meses de febreiro e marzo e que supoñerán un investimento próximo aos 18.000 euros.

Proxecto para humanización de rúas no Carballiño

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, mantivo unha reunión de traballo co alcalde do Carballiño, Francisco José Fumega, quen lle trasladou varios asuntos e actuacións de interese para o seu concello en materia urbanística e medioambiental. Concretamente, o rexedor explicoulle á conselleira que o seu equipo está traballando para levar adiante un proxecto de humanización de rúas co obxectivo de dinamizar a zona de actuación e facilitar a súa integración urbana, para o que solicitou a colaboración da Consellería de Medio Ambiente.

Ángeles Vázquez comprometeuse a estudar posibles vías de cooperación co Concello



Ángeles Vázquez e Francisco Fumega.

do Carballiño e explicoulle ao rexedor que a Consellería de Medio Ambiente conta con programas de axudas para dar resposta ás necesidades de humanización das vilas de Galicia. Neste sentido, lembrou que a semana pasada saíu

publicada no DOG a convocatoria dunha nova orde de axudas, dotada con case 2,5 millóns de euros e destinada, precisamente, á creación ou mellora de infraestruturas urbanas en concellos de menos 50.000 habitantes.

O PSdeG xa ten candidata a Alcaldía de Allariz

O PSdeG PSOE de Ourense confirma a súa segunda candidata de cara ás eleccións municipais do próximo mes de maio. A agrupación municipal socialista de Allariz elixiu a Zaida Rodríguez Campo como a súa candidata a alcaldía da localidade. A actual voceira dos socialistas no Concello repite candidatura, tras presentarse tamén hai catro anos. Zaida Rodríguez explica que se presenta as eleccións porque quere que “as potencialidades da nosa vila, no tocante á riqueza histórica, artística, cultural e paisaxística, repercutan directamente na calidade de vida das nosas veciñas e veciños”.

A actual voceira socialista remarcou que “a candidatura socialista pretende superar



Zaida Rodríguez Campo é a voceira municipal dos socialistas.

as políticas continuistas e faltas de ilusión dun pasado demasiado longo porque os tempos do cambio son chegados”. A candidata socialista explicou a importancia das políticas sociais en terras alaricanas. “Quero facer fincapé nas políticas sociais, xa que Allariz ten unha gran riqueza en moitos campos, pero as políticas sociais están moi abandonadas”.

Luís Pedro Martins presidente de Turismo Porto e Norte de Portugal

En nome da cohesión rexional e da importancia do sector do Turismo para a economía da rexión norte, as dúas candidaturas ás eleccións da Entidade de Turismo do Porto e Norte de Portugal chegaron a un acordo. Pedro Luís Martins foi o único demandante á presidencia da TPNP.

Así, esta lista, liderada por Luís Pedro Martins, mantén, como demandante a vicepresidente, Inácio Ribeiro e, como vogal á Comisión Executiva, Vítor Paulo Pereira, alcalde de Paredes de Coura. João Manuel Esteves, alcalde de Arcos de Valdevez, é o demandante a presidente da Mesa da Assembleia Xeral e ngelo Manuel Moura, alcalde

de Lamego, é o demandante a Secretario da Mesa da Assembleia Xeral. Para o Consello de Marketing están proposto a AETUR, Municipio de Macedo de Cabaleiros, Termas de Vizela, HT Douro, Invest Braga, Taipas Turitermas e Asociación de Comerciantes do Porto.

Do entendemento alcanzado entre as dúas candidaturas, e que contou coa participación de Eduardo Vítor Rodrigues, presidente da Mesa da Assembleia Xeral da TPNP, resultou a concordancia de cooptar para a comisión executiva, tras o acto electoral, a AHRESP, unha das entidades privadas que integra a TPNP.

Nun futuro próximo, será

creado un Consello Consultivo, para o cal xa están convidadas diversas personalidades da rexión, contando Luis Pedro Martins coa dispoñibilidade de Júlio Meirinhos para integrar este órgano.

Están así creadas as condicións para defender os superiores intereses da TPNP, entidade vital para a prosperidade económica da rexión e do País e queda probado, unha vez máis, que os axentes envolvidos neste proceso colocan a defensa do Turismo do Porto e Norte de Portugal por enriba de calquera outros intereses.

A presentación en sociedade do novo presidente de Porto e Norte celebrouse na sede da Entidade, Viana do

Castelo, á que acudiu a secretaria xeral de Turismo de Portugal, alcaldes e outras autoridades portuguesas e en representación de Galicia Alejandro Rubín Carballo, xerente de Expourense.



Luís Pedro Martins.



Asistentes á toma de posesión en Viana do Castelo.

Exposição 'Caminho Português da Costa – Em Cada Passo, Um Sentido'

Conhecer o Caminho Português da Costa de uma forma autêntica, através do olhar de um verdadeiro peregrino. Este é o objetivo da exposição fotográfica itinerante "Em Cada Passo, Um Sentido".

A exposição sensorial apresenta a experiência do Caminho Português da Costa pelo olhar de António Luís Campos, fotógrafo profissional que colabora com publicações como a National Geographic, entre outras, e que, paralelamente, exerce a atividade de líder de viagens, o que o preparou para percorrer esta rota histórica



tornando-o uma descoberta partilhável.

Sendo um dos 10 concelhos do litoral português atravessado pelo Caminho Português da Costa, a exposição chega, este sábado, a Vila Nova de Cerveira podendo ser visitada até 12 de março na Biblioteca Mu-

nicipal.

Registando um crescente interesse e cada vez mais visitantes, do Porto a Santiago de Compostela, percorrendo o Caminho Português da Costa, são aproximadamente 258 quilómetros, com horizontes e histórias diferentes.

FESTIBA 19
FESTIVAL TEATRO INTERNACIONAL BARCELONÉS

8 MARÇO | 21h00
UNA DONNA SOLA
TEATRO CASALINO

10 MARÇO | 18h00
GIZZO RA MOIRA
TEATRO E FANTASIA SIMONDO

16 MARÇO | 21h30
MENINA JULIA
RTO COMPANHIA DE TEATRO DE BARCELONA

17 MARÇO | 19h00
EU SOU O MEU AVÔ
NO BALCONÇO DO MEU PAI

23 MARÇO | 21h30
CONCERTO À LA CARTE
RTO COMPANHIA DE TEATRO DE BARCELONA

24 MARÇO | 18h00
PINÓQUIO
RTO COMPANHIA DE TEATRO DE BARCELONA

27 MARÇO | 21h30
O KARIZ
RTO COMPANHIA DE TEATRO DE BARCELONA

28 MARÇO | 21h00
NOVECENTO
RTO COMPANHIA DE TEATRO DE BARCELONA

31 MARÇO | 18h00
PÃO NOSSO
RTO COMPANHIA DE TEATRO DE BARCELONA

RESERVA DE ENCONTROS
TEATRO DE ENCONTROS
LARGO DO TEATRO - AV. DE LUIZ DE CAMÕES
1000-000-0000
WWW.FESTIBA19.COM

37 Feira do Viño

8-9-10 Marzo 2019

CHANTADA



Desenho: LOMART